

CELEBRACIÓN EN OS COTOS

23-24 de agosto do 2025

XXI SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Non podemos mirar para outro lado, non podemos calar e pasar, tampouco podemos conformarnos e deixar as cousas como están.

A palabra de Deus de hoxe dinos que a salvación é para todos, sen distincións. Por isto mesmo o profeta Isaías proclama “Virán do norte e do sur, do leste e do oeste”.

E cando lle preguntan a Xesús se son moitos os que se salvan, el dille: “apartade de min os que practicades a inxustiza”. O noso interese non pode ser só o da miña salvación, senón a de todos, pois ninguén se salva só.

Non podemos contentarnos con ter boas intencións, non chega con dicir “Señor, Señor”, temos que vivir coma cristiáns no medio do mundo para salvarnos, para non termos que escoitar ao Señor dicíndonos: “Non vos coñezo”.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Queremos agora renovar o noso ser cristiáns arredándonos da inxustiza e compartindo a nosa fe cos demais. Pedimos perdón polas nosas incoherencias e comodidades:*

Monitor/a

- ✓ Pedimos perdón, Señor, porque ás veces a indiferenza atopa sitio no noso corazón e nos nosos comportamentos. Señor, axúdanos a facelo mellor
- ✓ Pedimos perdón, Señor, porque ás veces damos as costas ao sufrimento dos que están preto, e queremos escusarnos cos que están lonxe. Cristo, axúdanos a facelo mellor
- ✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que queremos facer da vida un camiño fácil á costa dos demais, en vez de facer fácil o camiño dos demais coa nosa loita pola xustiza. Señor, axúdanos a facelo mellor

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos, por Cristo, confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que nos preocupa de verdade. Rezamos coas familias de Palestina ás que non se lle deixa ter o suficiente para comer. Rezamos tamén coa natureza avergonzados polo maltrato continuado ao que a estamos a someter con uns lumes tan mal intencionados que non podemos entender.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti que es capaz de acordar as vontades dos teus fieis, concédenos coma pobo amar o que nos mandas e desexar o que nos prometes.

Fai que no medio dos cambios deste mundo nos manteñamos firmes na procura de facelo mellor na vida de cada día, na vida de cada persoa, na vida de cada recuncho da terra.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Xesús non lle chega con que lle digamos “Señor, señor”. El propón non ter medo a dar exemplo de evanxeo, pois só así se atopa o camiño que dá vida á vida.*

Hoxe ser cristián de verdade non é fácil, pero dende logo cremos que vale a pena. O fácil é facer da fe rutina, o fácil é falar, pero Xesús esixe facer e vivir na xustiza. Escoitamos.

Leccionario I-C páx 239 Is 66, 18-21 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Di o Señor:

Eu chego para xuntar todos os pobos e linguas, para que veñan e vexan a miña gloria. Porei no medio deles un sinal e mandarei os superviventes de entre eles ás nacións: a Tárxix, a Pul e a Lud, os que tensan o arco, a Tubal e a Iaván, ás remotas nacións costeiras que non oíron o meu nome, nin viron a miña gloria.

Eles manifestarán a miña gloria entre os pobos. Eles traerán a todos os seus irmáns coma ofrenda para o Señor, en cabalos e en carros, en liteiras, en mulos e en dromedarios, ata o meu santo monte de Xerusalén -dío o Señor.

Palabra do Señor

🎵 **nº 50 Na tardiña baixa da vida SALMO**



(en pé) Lec I C páx 240 Lc 13, 22-30 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela atravesaba Xesús vilas e aldeas ensinando, camiño de Xerusalén.

Un preguntoulle:

- Señor, e logo son poucos os que se salvan?

El respondeu:

- Loitade para entrades pola porta estreita, porque vos aseguro que moitos intentarán entrar e non poderán. Despois que o dono da casa peche a porta e empededes os de fóra a petar nela dicindo: "Señor, ábrenos", el responderá: "Non sei quen sodes".

Entón empezaredes a dicir: "¡Se nós comemos e bebemos contigo e ti ensinaches polas nosas rúas!".

El repetirá: "Non sei quen sodes. ¡Arredade de min os que practicades a inxustiza!".

Daquela habedes chorar e hanvos renxer os dentes: cando vexades que Abraham, Isaac, Xacobe e todos os profetas están no Reino de Deus, e que a vós vos botan para fóra.

E chegarán de Oriente e Occidente, do norte e do sur a sentar na mesa do Reino de Deus. Si, hainos que son últimos e serán os primeiros, e hainos primeiros que serán os derradeiros.

Palabra do Señor



Que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?

Di Xesús:

- Non todo o que di “señor, señor” entrará no Reino do ceo, senón o que fai a vontade de Deus.

E cal é a vontade de Deus?

Que espera Deus de min?

Que espera Deus de nós como parroquia?

Que espera Deus da nosa Unidade Pastoral de Os Cotos?

Que espera Deus do noso ser igrexa e comunidade?

Que espera Deus do noso trato coa natureza e a terra?

Que espera Deus da nosa humanidade?

Calar, mirar para outro lado e dicir “iso non é problema meu” fainos cómplices.

Celebrante *Despois de escoitar a túa Palabra de Salvación queremos comprometernos Señor a levala á práctica na nosa vida por iso*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Credes en Deus Pai,

que ama a todos sen diferenza e que desexa un mundo no que todas as persoas sexan tratadas con xustiza, e poidan vivir en paz?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de nós, non comodidades e rutinas, senón compromisos de evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,

que nos alenta para non calar ante a realidade dura de persoas esquecidas e necesitadas de dignidade e xustiza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos esforzos, para facernos cribles coma cristiáns comprometidos e sen medos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Celebrante: *Rezamos xuntos coma comunidade, e movidos pola xustiza que queremos construír, por iso pedimos:*

Que a túa xustiza veña sobre nós

Monitor/a

- ✓ Porque queremos xustiza, rezamos Señor, respectuosos con todas as persoas que pensan, viven ou rezan diferente, oremos
- ✓ Porque queremos xustiza, rezamos Señor, maltratados coas mulleres que malviven baixo a violencia de xénero, oremos
- ✓ Porque queremos xustiza, rezamos Señor, feridos e famentos coas familias de Ucraia e de Palestina, e con todas as que viven sen paz, oremos
- ✓ Porque queremos xustiza, rezamos Señor, agarimando as persoas maiores especialmente ás que se senten algo soas e abandonadas, oremos
- ✓ Porque queremos xustiza, rezamos Señor, escandalizados sufrindo as consecuencias duns lumes tan mal intencionados, que non podemos entender, oremos

Celebrante: *Señor, nestas pregarias poñemos corazón. Axúdanos a ser comunidade responsable, xusta, e atenta á vida. Por Cristo, Noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Con total liberdade, comprometéndonos co Deus que é Pai, e querendo facer da paz un esforzo pola xustiza, non calamos e rezamos coma Xesús nos ensinou:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ



Celebrante: *Somos cristiáns que queremos a paz, unha paz para non quedar quietos e calados mirando para outro lado, unha paz que require esforzo e atrevemento para a loita pola xustiza. Coas nosas mans abertas expresamos o noso compromiso de compartir amizades, parroquia, fogar. Abrimos a man porque cremos que podemos compartir mellor. Facémolo escandalizados e avergonzados coa fame coa que se asesina en Palestina, e doídos cos lumes tan mal intencionados. As nosas mans queremos que sexan para PAZ.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir a fe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús, que nos esixe romper as nosas comodidades e forma de vida, para loitar pola paz e a xustiza coa que EL veu dar vida ao mundo. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *Non vou só ou O pouco que Deus nos dá*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, no teu fillo Xesús amósasnos unha maneira de vivir.

Conserva en nós a graza que nos deches, para que a novidade do evanxeo nos faga quen de dar respostas novas e reais, no anuncio e construción do teu Reino, pois ven conta nos damos que está nas nosas mans facelo mellor cada día.

Acudimos a Ti, noso Pai, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Deus quiere salvar, quiere darse a coñecer en Xesús facéndose xusto á nosa beira.

A nosa fe está morta se non nos leva a aceptar e acoller a todas as persoas sen mirar a cor, a cultura, a relixión ou a forma de pensar.

Que hoxe nos deamos conta e nos comprometamos de verdade a manifestar ese Deus que se achega a todos para dar vida dende a xustiza.



“Loitade para entrardes pola porta estreira”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

*Que teñamos un bo día, unha boa semana e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*